

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA E PROTEXDAT

Santiago de Compostela, a 27 de decembro de 2023

REUNIDOS

Dunha parte Dona **CECILIA BARROS DIAZ**, con D.N.I. número **35461020B**, con domicilio social na Rúa Santiago de Guayaquil, 7 -4º C de Santiago de Compostela, avogada con número de colexiada 2247 do ICA Santiago de Compostela

Doutra parte Dona María Rosa Álvarez Prada, con D.N.I. número 34.947.079 M, en nome e representación do **COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA**, con CIF **Q1500265B**, con domicilio social en Rúa Espiñeira 10, baixo, da cidade de Santiago de Compostela, provincia de A Coruña, na súa condición de Decana.

Din ter e se recoñecen reciprocamente a capacidade legal necesaria para outorgar o presente convenio, que se establece con arranxo ás seguintes

CONDICIÓN

PRIMEIRA.-

Que o COPG ten interese en ofrecer aos seus colexiados os servizos relativos a protección de datos , para a súa adaptación ao Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD) e a LO 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD-GDD), e o posterior asesoramento, para a realización de modificacións e que esixe a normativa aplicada.

SEGUNDA.-

Que Cecilia Barros Díaz está interesada en que o COPG, promova e oferte entre as persoas colexiadas os seus servizos, detallados no anexo a este convenio, e que se resumen en:

- Diagnóstico inicial en materia de protección de datos. Determinación dos riscos en materia de privacidade, en función da natureza, categoría de datos, volume e alcance dos mesmos.
- Elaboración en base á documentación e información obtidas e achegadas pola entidade da Análise de Riscos ou Avaliación de Impacto, de ser preciso.
- Elaboración do Rexistro de Actividades de Tratamento da entidade.
- Confección e deseño das recomendacións de medidas técnicas, legais e organizativas para a minimización dos riscos que se detectaron na entidade.
- Redacción dos consentimentos e das cláusulas informativas necesarias para o cumprimento pola entidade da normativa vixente
- Redacción dos Contratos de Encargados do Tratamento aos que veña obrigada a entidade para celebrar en virtude do artigo 28 do RGPD.
- Elaboración dos Contratos de Confidencialidade preceptivos.
- Protocolarización da xestión ante o exercicio por parte dun interesado dos seus dereitos en materia de protección de datos (Información e transparencia, Acceso, Rectificación, Oposición, Supresión/Esquecemento, Portabilidade de Datos e Limitación do Tratamento).
- Establecemento de sistemas de Notificación de Violacións de Seguridade dos datos, tanto á Axencia Española de Protección de Datos como aos posibles afectados, cando así veña establecido por lei.
- De ser o preciso, actualización da política de privacidade da páxina web e redes sociais.
- Identificación, nomeamento e formación do responsable de Seguridade
- Guía de Obrigas, Responsabilidades e Mantemento do Responsable do tratamento e do Responsable de Seguridade.
- Guía de medidas, modificacións e desenvolvemento da parte legal e procedementos para a adaptación ao RGPD
- Elaboración, de ser preciso, do plan formativo do persoal e realización do mesmo.
- Auditorías anuais para avaliar o cumprimento da normativa vixente e revisión/actualización da documentación precisa.
- Asesoramento continuo a entidade sobre cantas aclaracións o dúbidas lle poidan xurdir en materia de protección de datos.

TERCEIRA.-

Como contraprestación económica polo servizo, acórdanse as seguintes tarifas para as persoas colexiadas ao COPG.

Primeiro ano contratación:	325,00 €*
Anos sucesivos	200,00 €**

* Inclúe o servizo a adaptación ao Regulamento Xeral Europeo de Protección de Datos e Lei Orgánica Protección de Datos.

** Inclúe o asesoramento, mantemento e actualizacións necesarias así como a realización dunha auditoría anual para a supervisión do cumprimento da normativa de protección de datos e elaboración dun informe indicando de ser necesario as recomendacións e medidas necesarias para o correcto cumprimento

O importe verase incrementado co IVE de aplicación en cada momento e minorado coas retencións correspondentes, se no seu caso fosen de aplicación; as tarifas anteriores poderanse incrementar previo mutuo acordo segundo o IPC interanual.

Estas tarifas non inclúen o coste do servizo e nomeamento ante a AEPD do Delegado de Protección de Datos, cando por normativa sexa obrigatorio. O importe do servizo do DPO acordarase directamente coa persoa colexiada atendendo as súas necesidades e circunstancias concretas.

CUARTA.-

O presente contrato terá unha duración de 4 anos dende a súa sinatura.

Transcorrido este período, o contrato entenderase renovado por igual período.

QUINTA

O convenio poderá ser rescindido por calquera das partes mediante comunicación escrita cunha antelación mínima de 2 meses a data da súa finalización. En todo caso a finalización do convenio non poderá afectar as actividades programadas ou en execución.

SEXTA.

Cada unha das partes se compromete a non difundir, baixo ningún aspecto, as informacións pertencentes á outra parte ás que puido ter acceso no desenvolvemento do obxecto do presente convenio, mentres non se atopen en fontes accesibles ao público.

**BARROS DIAZ
CECILIA -
35461020B**

Firmado digitalmente por BARROS DIAZ
CECILIA - 35461020B
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES,
serialNumber=IDCES-35461020B,
givenName=CECILIA, sn=BARROS DIAZ,
cn=BARROS DIAZ CECILIA - 35461020B
Fecha: 2023.12.28 14:22:46 +01'00'

Fdo. Cecilia Barros Díaz

**34947079M María
Rosa Álvarez
(R:Q1500265B)**

Firmado digitalmente por 34947079M María Rosa Álvarez
(R:Q1500265B)
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES, o=Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia, 2.5.4.97=VATES-Q1500265B,
sn=Álvarez Prada, givenName=María Rosa,
serialNumber=34947079M, cn=34947079M María Rosa
Álvarez (R:Q1500265B), 2.5.4.13=Boletín 18/05/2022/
Fecha:18-05-2022/Numero resolución:1
Fecha: 2023.12.27 18:07:59 +01'00'

Fdo. María Rosa Álvarez Prada

ANEXO

DESCRICIÓN, FASES IMPLANTACION E PRESTACION DO SERVIZO

FASE I. Análise de Risco



Ten como obxectivo obter a maior información posible sobre o escenario particular da entidade, incluídos aplicacións e páxinas web, especificando os datos de carácter persoal que trata a entidade, os sistemas de información dispoñibles e os procedementos xa implantados.

O RXPD condiciona a adopción das medidas de responsabilidade activa ao risco que os tratamentos poidan supoñer para os dereitos e liberdades das persoas interesadas. Unha vez establecidos os riscos **deben adoptarse medidas de seguridade que reduzan ou minimicen os mesmos**, dividíndose en técnicas, organizativas e/ou legais.

O tipo de análise variará en función de:

- 🔒 Os tipos de tratamento
- 🔒 A natureza dos datos
- 🔒 O número de persoas interesadas afectadas.
- 🔒 A cantidade e variedade de tratamentos que unha mesma entidade leve a cabo.

FASE II. Avaliación de Impacto



Colaboración cos Responsables do tratamento para realizar unha Avaliación de Impacto (EIPD) sobre a protección de datos con carácter previo á posta en marcha daqueles tratamentos que sexa probable que comporten un alto risco para os dereitos e liberdades dos interesados. A modo meramente exemplificativo será obrigatoria nos seguintes supostos:

- Entidades que se dediquen á elaboración de perfís
- Observación sistemática a gran escala dunha zona de acceso público
- Entidades cun gran volume de datos
- Entidades con múltiple variedade de datos tratados
- Tratamentos de datos de longa duración ou permanencia da actividade de tratamento
- Entidades con varias sedes


FASE III. Rexistro de actividades de tratamento



Elaboración dos rexistros de actividades de tratamento, segundo os datos, lexislación e a información proporcionada polo persoa colexiada, no que se conteña a información que establece o RXPd. A modo de resumo deberá ser a seguinte:

- Nome e datos de contacto do responsable e/ou corresponsable.
- Finalidades do tratamento.
- Descrición de categorías de persoas interesadas.
- Categorías de datos persoais tratados
- Listado de los encargados do tratamento con acceso aos rexistros de actividades de tratamento.
- Listado de provedores sen acceso a datos
- Descrición dos posibles cesionarios de datos
- Categoría de datos que se tratan en cada un dos rexistros de actividades de tratamento.
- Sistema de tratamento de los datos
- Transferencias internacionais de datos...

FASE IV. Implantación das medidas legais, organizativas e técnicas



Traballaremos coa máxima de intentar adecuar as obrigas que establece a normativa sobre protección de datos, intentando modificar de forma mínima os procesos actuais da persoa colexiada.


Analizaranse os datos recadados no análise de riscos, e adecuaranse os procedementos levados a cabo polo cliente á normativa actual.

Entre outros, estableceranse os seguintes procedementos:

- ❖ **Xestión de dereitos dos afectados** (Información e transparencia, Acceso, Rectificación, Oposición, Supresión/Esquecemento, Portabilidade de Datos e Limitación del Tratamento).
- ❖ **Xestión de soportes.** A normativa establece que os soportes informáticos que conteñan datos de carácter persoal deberán permitir coñecer o tipo de información que conteñen, ser inventariados e almacenados nun lugar con acceso restrinxido, así como a implantación de rexistros e procedementos que limiten a entrada e saída dos mesmos e o seu seguimento.

- ❖ **Xestión de incidencias.** Elaboración dun Rexistro de Incidencias e un procedemento para la notificación e xestión das mesmas segundo establece a normativa.
- ❖ **Xestión dos sistemas de Notificación de Violacións de Seguridade dos datos, tanto á Axencia Española de Protección de Datos como aos posibles afectados, cando así veña establecido por lei.**
- ❖ **Procedementos de Alta, Baixa e Modificación de Usuarios** con acceso a Datos de Carácter Persoal, así como os procedementos para conceder acceso aos datos a ditos usuarios.
- ❖ **Procedementos de Copia de Seguridade,** así como de Restauración.
- ❖ Definición da **política de Identificación e autenticación.**
- ❖ Identificación, nomeamento e formación do **responsable de Seguridade**
- ❖ **Elaboración da documentación** para a xestión das transferencias de Datos Internacionais.
- ❖ **Valoración da resiliencia:** medir a capacidade da organización de soportar e recuperarse ante desastres e perturbacións, o que implica unha aprendizaxe continuo de situacións críticas que posibiliten unha recuperación das mesmas en condicións reforzadas.
- ❖ Elaboración das **cláusulas de confidencialidade** con provedores
- ❖ Elaboración das **cláusulas de información** a pacientes/persoas usuarias
- ❖ **Redacción dos consentimentos preceptivos**
- ❖ **Desenvolvemento dos contratos para cos Encargados do Tratamento**
- ❖ Confección das **autorizacións** de uso de datos por parte das **persoas traballadoras**
- ❖ Realización dos **compromisos de adhesión aos códigos de conducta** en materia de protección de datos do persoal con acceso aos mesmos
- ❖ **Guía de Obrigas, Responsabilidades e Mantemento do Responsable do tratamento e do Responsable de Seguridade.**
- ❖ **Guía de medidas,** Modificacións e desenvolvemento da parte legal e procedementos para a adaptación ao RXPd.
- ❖ **Protocolo** de atención a persoa interesada en protección de datos.

FASE V. Medidas de Responsabilidade Proactiva



O RGPD obriga aos responsables do tratamento a aplicar as medidas técnicas e organizativas adecuadas para garantir e poder demostrar que o tratamento realizado pola entidade é conforme ao RGPD.

Isto require dilixencia no tratamento realizado con datos persoais.

ProtexDat asegurará que se realiza unha supervisión continua dos sistemas e instalacións de información do cliente para verificar o cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos.

O servizo ofrecido por ProtexDat Abogados incluirá:

- Ditame sobre a adecuación das medidas e controis á normativa de protección de datos.
- Identificación de deficiencias.
- Proposta de medidas correctoras ou complementarias.
- Modificación, se é necesario, dos sistemas de tratamento e das medidas organizativas e técnicas
- Actualización de listas e rexistros

Así mesmo, ante os continuos cambios que se producen nos medios de información e na normativa legal, **ProtexDat Abogados** conta cun servizo integral de mantemento en materia de Protección de Datos para resolver calquera dúbida que poida xurdir. Este servizo inclúe os seguintes aspectos:

- Asesoramento permanente.

- Redacción de todo tipo de cláusulas legais sobre protección de datos.
- Seguimento e avaliacións anuais do tratamento de datos
- Auditoría anual para verificar o cumprimento do RGPD.
- Realizar un informe de Análise de Riscos
- Preparar e actualizar os rexistros das actividades de tratamento
- Redactar e actualizar a documentación específica de información e obtención do consentimento
- Preparar os contratos dos encargados do tratamento e/ou confidencialidade cos provedores adaptándoos ás obrigas que establece o Regulamento xeral de protección de datos.
- Crear un protocolo para a xestión de novos tratamentos onde se teña en conta a privacidade desde a fase de deseño e por defecto, como esixe o RXPd
- Crear un procedemento de actuación fronte as violacións da seguridade
- Actualización da política de privacidade das páxinas web e redes sociais, así como aviso *das cookies*.
- Realizar avaliacións de impacto periódicas se fose necesario.
- Establecer a política de seguridade interna do cliente
- Facer recomendacións sobre as medidas técnicas necesarias para garantir o nivel de protección das actividades de tratamento.